



ACTA Nº 2023/4

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 31 de marzo de 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS: RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M ^a TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
M ^a VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SARA BEIRO BLANCO
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ*
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
SECRETARIA ROCÍO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA

*Incorpórase á sesión ás 20:15, momento do debate do punto 3 da orde do día.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión ordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2023.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes na sesión plenaria.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



2. **PROPOSTA ALCALDÍA relativa á desestimación escrito presentado D. Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 en data 27 de decembro de 2022. Expediente Nº 2021/C004/000006.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 27 de marzo de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á desestimación escrito presentado D. Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 en data 27 de decembro de 2022. Expediente Nº 2021/C004/000006.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Desestimación escrito presentado D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 en data 27 de decembro de 2022.

Expediente Nº 2021/C004/000006.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o escrito presentado por D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 en data 27 de decembro de 2022, presenta escrito que en parte se transcribe:

“(…) PRIMERO (…)

Es decir, la entidad que represento oferta y asume el transporte al GA más próximo, indicado por el Concello; pero en ningún caso, el coste de su gestión.

No es objeto del contrato administrativo, la gestión del tratamiento y valorización de enseres y voluminosos, que corresponde a entidades que tengan la condición de GESTORES AUTORIZADOS para el TRATAMIENTO Y/O VALORIZACIÓN de residuos, que remiten a un régimen jurídico totalmente diferente del que corresponde al presente contrato de servicios.

Por lo tanto, la única obligación contractual que asume y puede asumir el adjudicatario es la recogida de enseres y voluminosos y su transporte al GA identificado por el Concello, en estricta coherencia con el objeto del contrato administrativo.

SEGUNDO.

En ningún extremo de la documentación que informa el contrato administrativo, consta que la empresa adjudicataria tenga la obligación, que debería ser expresa y concreta por su especialidad, de hacerse cargo del coste del tratamiento de los voluminosos. Como indicamos, dicho coste excede del ámbito contractual que afecta a la entidad SERVICIO DOS CONCELLOS GALEGOS SLU y la vincula con el Concello. Representa un marco jurídico totalmente diferente, del que corresponde al presente contrato administrativo de servicios.

TERCERO.

Que, en consecuencia, con lo anteriormente expuesto, procede el presente escrito a fin de exponer:

1) Que esta empresa adjudicataria del servicio de transporte de RSU, carece de cualquier tipo de obligación en relación con los enseres y voluminosos, más allá de su transporte al GA designado por el Concello.



2) Que, en su consecuencia, esta empresa, no asumirá ningún coste imputable a la gestión de dichos enseres y voluminosos.

PETICIÓN: Que tenga por presentado el presente escrito, teniendo por efectuadas las alegaciones que en el mismo constan."

Visto o informe conxunto emitido pola Interventora e Secretaria Municipal en data 10 de marzo de 2023, que literalmente se transcribe:

"Informe Conxunto de Secretaría e Intervención.

Asunto: Escrito de D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 data 27 de decembro de 2022.

Natureza do informe: [] Borrador [] Provisional [x] Definitivo

Documento asinado por: A Secretaria e a Interventora.

EXPEDIENTE Nº: 2021/C004/000006.

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) e 4.5.b) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emítese o seguinte **INFORME CONXUNTO:**

ANTECEDENTES DE RELEVANCIA:

1. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) do "Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee".
2. Prego de Prescricións Técnicas (PPT) do "Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee".
3. Contrato administrativo de data 20 de xullo de 2022 entre o Concello de Cee e Servicios dos Concellos Galegos SL
4. Proxecto de Explotación presentado no seu día polo Concesionario e vinculante.
5. Escrito presentado por D^a Leonor Fernández Mira con NRE 202299900001839 de data 27 de decembro de 2023.
6. Solicitud formulada por D. Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 data 27 de decembro de 2022.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

1. Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).
2. Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (RGLCAP) e modificado polo Real Decreto 773/2015 de 28 de agosto en canto non se opoña á LCSP (en adiante RGLCAP).
3. Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto non se opoña á LCSP.
4. Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos Contaminados e demais lexislación medioambiental aplicable.
5. Os plans estatal e autonómico de residuos.
6. O Prego de Prescricións Técnicas Particulares e os seus respectivos Anexos.
7. A oferta adxudicataria.
8. O documento no que se formaliza o contrato.

DESENROLO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



PRIMEIRO.- D.Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 en data 27 de decembro de 2022, presenta escrito que en parte se transcribe:

"(...) PRIMERO (...)

Es decir, la entidad que represento oferta y asume el transporte al GA más próximo, indicado por el Concello; pero en ningún caso, el coste de su gestión.

No es objeto del contrato administrativo, la gestión del tratamiento y valorización de enseres y voluminosos, que corresponde a entidades que tengan la condición de GESTORES AUTORIZADOS para el TRATAMIENTO Y/O VALORIZACIÓN de residuos, que remiten a un régimen jurídico totalmente diferente del que corresponde al presente contrato de servicios.

Por lo tanto, la única obligación contractual que asume y puede asumir el adjudicatario es la recogida de enseres y voluminosos y su transporte al GA identificado por el Concello, en estricta coherencia con el objeto del contrato administrativo.

SEGUNDO.

En ningún extremo de la documentación que informa el contrato administrativo, consta que la empresa adjudicataria tenga la obligación, que debería ser expresa y concreta por su especialidad, de hacerse cargo del coste del tratamiento de los voluminosos. Como indicamos, dicho coste excede del ámbito contractual que afecta a la entidad SERVICIO DOS CONCELLOS GALEGOS SLU y la vincula con el Concello. Representa un marco jurídico totalmente diferente, del que corresponde al presente contrato administrativo de servicios.

TERCERO.

Que, en consecuencia, con lo anteriormente expuesto, procede el presente escrito a fin de exponer:

1) Que esta empresa adjudicataria del servicio de transporte de RSU, carece de cualquier tipo de obligación en relación con los enseres y voluminosos, más allá de su transporte al GA designado por el Concello.

2) Que, en su consecuencia, esta empresa, no asumirá ningún coste imputable a la gestión de dichos enseres y voluminosos.

PETICIÓN: *Que tenga por presentado el presente escrito, teniendo por efectuadas las alegaciones que en el mismo constan."*

SEGUNDO.- D^a LEONOR FERNANDEZ MIRA presente escrito con NRE 202299900001839 de data 27 de decembro de 2022.

"(...) Contactamos con Vds para notificarles mediante escrito que tenemos las facturas de la gestión de residuos voluminosos del Concello pendientes de cobro.

Inicialmente, era Servicio dos Concellos Galegos el pagador de las mismas. Últimamente, nos comunican que es responsabilidad suya asumir los gastos de dicha gestión, puesto que a ellos, tan solo les competen los portes.

Hemos contactado con la empresa en reiteradas ocasiones y nos manifiestan que, lamentablemente, deben ajustarse al contrato firmado con Vds, y que en el mismo, es al Concello a quien le corresponde hacerse cargo del pago de los residuos y no a ellos.

Tengo en mi poder las facturas correspondientes a las gestiones de residuos efectuadas en los meses de agosto, septiembre, octubre y noviembre pendientes de pago.

SOLICITA

Que me aclaren a quien debo facturar las gestiones de residuos para poder poner fin a esta situación (...)"



TERCEIRO.- O artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) establece como servizo obrigatorio para os Concellos con poboación superior a 5.000 habitantes o “tratamento de residuos”.

O artigo 9 da Lei 7/2021, de 27 de febreiro, de Residuos e Solos Contaminados de Galicia (LRSCG) delimita o contido deste servizo municipal obrigatorio de tratamento de residuos na letra a) da súa alínea 2:

“2. En particular, corresponde aos concellos:

a) Como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas, no marco xurídico do establecido na normativa básica estatal en materia de residuos, nesta lei, na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor e no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia. A prestación deste servizo poderase levar a cabo de forma independente ou asociada”.

Pola súa parte, o artigo 12.5.a) da Lei estatal 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular (LRSECE) delimita tamén o contido deste servizo municipal obrigatorio nos termos seguintes:

“5. Corresponde a las entidades locales, a las ciudades de Ceuta y Melilla o, cuando proceda, a las diputaciones forales:

a) Como servicio obligatorio, en todo su ámbito territorial, la recogida, el transporte y el tratamiento de los residuos domésticos en la forma en que establezcan sus respectivas ordenanzas, de conformidad con el marco jurídico establecido en esta ley, en las leyes e instrumentos de planificación que, en su caso, aprueben las comunidades autónomas y en la normativa sectorial en materia de responsabilidad ampliada del productor. A estos efectos, se deberá disponer de una red de recogida suficiente que incluirá puntos limpios o, en su caso, puntos de entrega alternativos que hayan sido acordados por la entidad local para la retirada gratuita de los mismos. La prestación de este servicio corresponde a los municipios que podrán llevarla a cabo de forma independiente o asociada, conforme a lo establecido en la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local”.

CUARTO.- Nos documentos contractuais – valoración de necesidade, prego de prescricións técnicas (PPT), prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), proposta da adxudicataria e documento de formalización do contrato – contéñense numerosas referencias ao **“tratamento”** como prestación integrante do obxecto do contrato:

- Nos códigos CPV, tanto no cadro de características como tamén no PPT e no PCAP, inclúense os seguintes: 90510000-5 E “Eliminación e **tratamento** de desperdicios” e 94020 90513000-6 “Servizos de tratamento e eliminación de desperdicios e residuos non perigosos”.

- Na páxina 7 do PPT, establécese, con referencia ao contratista, a obriga seguinte:



*“Acreditaranse os medios de reciclaxe, valorización ou eliminación dos residuos xerados, poñendo en relación a modalidade de **tratamento** cos obxectivos dos diferentes plans de residuos (estatal e autonómico)”.*

- Na páxina 27 do PCAP, na epígrafe dedicada á valoración das propostas, indícase expresamente:

“Para a valoración dos criterios terase en conta:

1. Planificación da explotación dos servizos presentados. Valorarase ata un máximo de 40 puntos. Desagregará os diferentes servizos:

- *Servizos comúns: Administrativos, control, taller, etc.*
- *Prerecollida: mantemento, lavado, etc.*
- *Recollida e transporte das diferentes fraccións: resto, envases lixeiros, orgánica, papel*
- *cartón, etc.*
- ***Tratamento”.***

- No cadro de características do contrato, na alínea C (“NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO”) sinálase de forma expresa que:

“As necesidades administrativas a satisfacer a través do presente contrato refírense a servizos que se atopan comprendidos entre os de prestación obrigatoria polos concellos, conforme ao establecido no artigo 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 86.2 a mesma, onde se reserva expresamente ás entidades locais a recollida, tratamento e aproveitamento de residuos, cualificando, a súa vez, a citada actividade como servizo esencial”.

- Na páxina 7 da proposta presentada pola empresa adjudicataria, contense un recoñecemento expreso de que o tratamento está incluído entre as prestacións que integran o obxecto do contrato:

A este respecto procede indicar que Servicios dos Concellos Galegos como gestor autorizado para el almacenamiento y valorización de residuos dispone de instalaciones autorizadas en el propio Concello de Cee para el almacenamiento de los flujos de residuos de voluminosos, chatarra, plástico y madera y para la valorización del cartón. Este aspecto contribuye de manera importante a la eficiencia de los servicios, puesto que al trasladar los residuos a las propias instalaciones y en ellas realizar las operaciones de almacenamiento y valorización se reducen de forma significativa los kilómetros a realizar con los residuos hasta gestor autorizado, que sin este tratamiento previo ocupan un mayor volumen. Asimismo, se favorece el principio de separación y tratamiento de residuos lo más próximo al origen posible.

- Na páxina 18 desa proposta recóllese outro recoñecemento máis de que o tratamento dos enseres voluminosos fai parte do obxecto do contrato, ao punto de que a empresa afirma contar con instalacións propias para a xestión deses residuos:



Una vez lleno e
Concellos Galegos
plásticos, etc. E
forma que cada
adecuada en el c

- Nas páxinas 34 e 35 da súa oferta, a contratista recoñece novamente de forma expresa que o tratamento dos residuos recollidos fai parte do obxecto do contrato, en relación cos animais mortos, ao indicar que o servizo vai ser subcontratado a unha empresa especializada e que:

En cualquier caso, el coste de los servicios de dicha empresa especializada (GALIMASCOTA, S.L.) será sufragado por Servicios dos Concellos Galegos.

- Na páxina 37 da súa oferta, literalmente indica:

2.4 TRATAMIENTO

La filosofía de la empresa en cuanto a la gestión de los residuos está alineada con los principios establecidos tanto en el Plan Estatal Marco de Gestión de Residuos (PEMAR) 2016-2022, como en el Plan de Gestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG) 2010-2020, cuyos objetivos son los siguientes:

		Objetivos do PXRUG		
Prevención		Estabilizar la generación en una primera fase y conseguir una reducción del 10% respecto 2009 de la generación per cápita en el 2020.		
Valorización material	Materia orgánica	25% de valorización material total de FORSU en 2020 Impropios menores al 20%	Mínimo 30 % valorización material total en el 2020	
	Vidrio	60% de valorización material total de vidrio en el 2020		55% valorización material total de envases en el 2020
	Papel y cartón	50% valorización material total de papel y cartón total en el 2020		
	Envases Ligeros	50% de valorización material total de envases ligeros en el 2020		
	Otros	20% valorización material total de la fracción otros en general en el 2020 Voluminosos: 20% valorización material total en el 2020. Incremento de la recuperación por reutilización o reciclaje Especiales: 65% recogida selectiva en el 2020		
Valorización energética	Incremento da valorización energética			
Depósito controlado	Disminución progresiva de residuos sin tratar a depósito controlado hasta llegar al 100% tratamiento en el 2017			

Á vista do exposto, estas informantes **CONCLUÉN:**

PRIMEIRO.-Do contido dos documentos contractuais e da normativa local e de residuos, interpretados de conformidade cos criterios hermenéuticos regulados nos artigos 1281 a 1289 do Código Civil,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



conclúese claramente que o tratamento dos residuos urbanos non perigosos producidos no Concello de Cee está incluído dentro do contrato do servizo de recollida e transporte de residuos urbanos (expediente 2021/C004/000006), adxudicado á empresa "Servicios dos Concellos Galegos S.L."

SEGUNDO.- En consecuencia, a contratista está obrigada a asumir, ás súas custas, o tratamento de todos os residuos obxecto dese contrato de conformidade co disposto na normativa aplicábel. En consecuencia, a falta de pagamento das facturas emitidas polos xestores autorizados aos que o contratista transporta os residuos recollidos constitúe o incumprimento dunha obriga esencial que pode dar lugar á imposición de penalidades e mesmo á resolución do contrato.

TERCEIRO.- O órgano de contratación ostenta a potestade de interpretar de forma unilateral e executiva o contrato, resultado inmediatamente obrigado o contratista a executalo de conformidade coas resolucións ditadas no exercicio desa potestade, sen prexuízo da interposición dos recursos que en cada caso corresponderen.

CUARTO.- Procede desestimar na súa integridade o escrito presentado D. Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 en data 27 de decembro de 2022, en base ao indicado no presente informe.

Esto é canto temos que informar, en Cee, na data da sinatura dixital.

Secretaría Municipal: Rocío Hermida Cancela.

Interventora Municipal: Rosa M^a Fernández Canosa."

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** o **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar na súa integridade o escrito presentado D. Guillermo Francisco Alonso Junquera en representación de Servicios dos Concellos Galegos SL con NRE 202299900001843 en data 27 de decembro de 2022, en base ao informe transcrito na parte expositiva da presente proposta e que serve de motivación a presente desestimación.

SEGUNDO.- Notificar a SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SL, e cantos interesados obren no expediente, coa indicación expresa de que o acordo pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente o márxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."



Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta foi tratado na comisión, por parte de Servicios dos Concellos Galegos, reclama pago de facturas de xestión residuos voluminosos, os xestores autorizados, consta informe de secretaria e intervención no que conclúen que o tratamento de xestión residuos está incluído dentro do contrato, adxudicado a Servicios dos Concellos Galegos polo tanto procede desestimar a súa solicitude, esa é a proposta.

Sra Díaz Mejuto: la empresa evidentemente mira por sus propios intereses y se intenta cubrir con las lagunas que puede tener el pliego que está hecho por el gobierno de la Sra alcaldesa, tenemos que mirar por los intereses de los vecinos de Cee y votaremos favorablemente a la desestimación del recurso.

Sra Iglesias Lema: pouco que dicir pola nosa parte está o informe de secretaría, está claro, o noso grupo pensa que é carne de contencioso administrativo como ben di a secretaria no informe o noso voto vai ser a abstención.

Sra alcaldesa: alégrome o cambio de criterio por parte do PP pois esta reclamación xa se trouxo noutra ocasión nesta lexislatura e votaron en contra da desestimación e quero dicir que hoxe nos notificaron a sentencia e gañou o Concello entón alégrome do cambio de criterio do PP e que vele agora polos intereses do Concello de Cee.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por: 4 abstencións dos grupo políticos IXCee e BNG e 8 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

- 3. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á estimación parcial do escrito presentado o 17 de xaneiro de 2023, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202399900000054 e complementada con documentación con NRE 202399900000055, 202399900000071, 202399900000346, 202399900000374, solicitando Compensación/contraprestación gastos de piscina- Liquidación Ano 4.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 27 de marzo de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"3. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á estimación parcial do escrito presentado o 17 de xaneiro de 2023, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202399900000054 e complementada con documentación con NRE 202399900000055, 202399900000071, 202399900000346, 202399900000374, solicitando Compensación/contraprestación gastos de piscina- Liquidación Ano 4.

Considerando a seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Escrito presentado o 17 de xaneiro de 2023, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202399900000054 e complementada con documentación con NRE 202399900000055, 202399900000071, 202399900000346, 202399900000374.

EXPEDIENTE Nº: 2017/C004/000007

Considerando o escrito presentado 17 de xaneiro de 2023, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202399900000054 e complementada con documentación con NRE 202399900000055, 202399900000071, 202399900000346, 202399900000374, no cal, literalmente:

“SOLICITA

En relación ao expediente 2017/C0004/000004 no apartado 16 conta anual de liquidación da xestión interesada. Presentamos o plan xeral contable, onde reflexamos os gastos e ingresos da piscina municipal de Cee desde o 10/10/2021 ata o 09/10/2022 con todas as contas e anexos.

EXPONE

Sexa admitida a documentación presentada e se proceda a aprobación da liquidación do 4º ano de contrato.”

Considerando o informe de fiscalización emitido pola Sra. Interventora, en data 17 de marzo de 2022, que conclúe:

“(…)RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

- Devolución do expediente ó departamento de orixe.
- Fiscalizado de conformidade.
- Fiscalizado de conformidade condicionada.
- Fiscalizado de conformidade xeral con salvedades
- Fiscalizado de desconformidade

CONCLUSIÓN.

Devolución do expediente para subsanación de erros e/ ou aportación dos documentos omitidos.

Procede a tramitación do expediente e aprobación do gasto coas observacións realizadas.

Sen efectos suspensivos(por non concorrer os requisitos esixido no artigo 216), aínda que coa recomendación de subsana – los reparos antes de somete-lo expediente a aprobación, se puideran ser subsanables; respecto ós non subsanables a recomendación é que non sexan reiterados en expedientes futuros.

Suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo e procede a tramitación do expediente en relación cas demais facturas.

Se o órgano ó que afectan os reparos ou observacións non estivera de acordo cos mesmos corresponderá **ó Pleno da Corporación a resolución da discrepancia prantexada** (artigo 217.1 do RDL 2/2004).

ANEXO: OBSERVACIONES



En primeiro lugar sinalar que o presente informe trata de recompilar datos e seguir as pautas adoptadas nos primeiros anos de liquidación da xestión da piscina sen prexuízo dos cambios de criterio ou de decisión que adopte o órgano de control e decisión.

Temos que partir de que estamos ante unha figura de difícil comprobación como é a xestión interesada como xa se puxo de manifesto no momento da elección da mesma e soamente o control exhaustivo mediante unha persoa no seo da instalación pode garantir a certeza dos datos que se toman en consideración para esta toma de decisión, no seu defecto soamente se pode operar con presuncións de veracidade da documentación presentada e nos informes a posteriori dos distintos servizos municipais.

A Intervención Municipal non é órgano competente para o exame e comprobación de contabilidade empresarial polo que me limito a facer apreciacións do observado no expediente, solicitando en temas que exceden do meu ámbito de actuación á asistencia da Deputación da Coruña sen prexuízo de que o órgano competente para decidir solicite auditoría privada ou análise económico da contabilidade da empresa. Consideracións:

1. En relación ós **ingresos** o PCAP recolle a necesidade de someter á aprobación do concello os modelos xustificativos de pagamento e os acreditativos do pagamento das tarifas. Como xa se sinalou anteriormente a certeza dos ingresos neste tipo de xestión é imposible salvo recadador municipal polo que soamente podemos dar por certos as declaracións e comunicacións do empresario que sinala como tales:

- Entradas
- Venda de material
- Matrículas, abonos e cursos.

Nesta apartado sinalar como anomalías:

- Non se están a ingresar apartados como o de publicidade estática.
- Non se perciben ingresos das máquinas expendedoras por acordos de mínimos coa empresa subministradora.

Ascenden segundo se detalla na memoria explicativa a **303.051,99€**. Posto que a liquidación se fai ata o 9 de outubro do 2022 o adxudicatario opta por prorratear os ingresos (remesa, abonos etc) entre os días de prestación do servizo o que se somete a consideración.

Consta informe de tesourería sobre a regularidade dos mesmos.

2. En relación a los gastos:
 - a) Sinalar en relación ós gastos que é difícil acreditación en todos os gastos a determinación de que os mesmos sexan realizados na piscina de Cee dado que si non se trata dun subministro directo (luz, auga...) é a declaración do interesado o único elemento de xuízo que temos para a súa acreditación (aprovisionamentos...) Nalgúns casos (luz, auga...) é de fácil comprobación a dirección do subministro pero noutros casos é imposible dilucidar si a prestación ten como destinatario final a piscina de Cee o que supón una presunción de veracidade dos datos que aporta o adxudicatario sen posibilidade algunha de constatar a información. Asemade se realizan imputacións proporcionais en determinados gastos (xestoría etc) posto que existen varios centros de traballo descoñecendo esta Intervención a veracidade da mesma.
 - b) O resume dos gastos son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE XUSTIFICADO
APROVISIONAMENTO	1.867	1.867
PERSOAL	284.634,41	284.634,41

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	97.050,97€	95.745,75
AMORTIZACIÓN INMOVILIZADO	18.012,81	18.012,81
GASTOS FINANCIEROS	3.763,02€	2.848,34€
TOTAL	405.328,21€	403.108,31€

- **GASTOS DE APROVISIONAMENTO:**
O listado contable dos gastos de material deportivo da piscina sinala un importe total de 1.867€ .

Todos están debidamente xustificados.

- **GASTOS DE PERSOAL** remítome ó informe de persoal. Neste punto salienta que o xerente inclúe na súa nómina a cota de autónomo como retribución en especie que non se contemplaba no prego e que foi sometido á consideración no pleno da primeira xustificación. O informe de persoal non o sinala como anomalía.
- **OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN.**
 - a) Arrendamentos 452,48€
 - b) Reparación e conservación: o listado contable sinala un importe de 10.178,74€. Se xustifica por importe de 9.933,44€
 - c) Servizos de profesionais independentes contablemente se sinala un gasto de 3.984,21€ . Se atendería a un gasto de 3.868,49€ xa que un dos gastos sinala que se realiza noutro Concello.
 - d) Primas de seguros sinala un importe de 2.210,76€ dos que se descuentan os seguros de autónomos por ser un seguro que non é directamente aplicable á xestión do servizo.
 - e) Servizos bancarios sinalan un importe de 1.984,59 dos que se acreditan 1.821,59€
 - f) Os gastos de publicidade da piscina supoñen un gasto de 855€
 - g) Os gastos de gasóleo ascenden a 57.307,12€
 - h) Os gastos de auga ascenden a 5.827,89€
 - i) Teléfono ascenden a 388,98€
 - j) Os gastos de oficina ascenden a 1.815,81€
 - k) Outros gastos da piscina ascenden a 11.549,69€ .De este importe hai que descontar segundo criterio desta Intervención 205,50 relativos a gastos xenéricos.

En relación á amortización realizada polo adxudicatario sinala que a realizada non se axusta á táboa sinalada polo Ministerio de Facenda para a fixación dos criterios de amortización en función da vida útil do ben. Consultada á Deputación da Coruña ante o carácter privado deste tipo de gasto pon de manifesto as diferencias entre o amortizado na xustificación do gasto e o amortizado segundo o criterio de facenda. No exercicio anterior o Pleno da Corporación admitiu o criterio de amortización do adxudicatario en base ós anos de prestación do servizo polo que se continúa nesta liña.

- **GASTOS FINANCIEROS**

O adxudicatario presenta como gastos financeiros relativos a préstamos e liñas de crédito se entenden incluídas no gasto habitual de xestión da actividade. Nos exercicios anteriores os gastos de aval requirido polo Concello no expediente de contratación enténdese non indemnizable polo seu carácter de gasto previo ó exercicio da actividade e que non debería ser tido en conta como gasto de xestión senón necesario para a licitación como poderían ser os gastos de xestión no procedemento de licitación, gastos de publicidade, compulsas, notariais etc polo que o importe deste apartado non se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



tivo en conta. O adxudicatario presenta no presente exercicio os gastos de mantemento do mesmo. Esta Intervención entende que se trata de gastos previos á contratación e o mantemento do mesmo con carácter anual non deixa de ser unha esixencia da entidade co que contrata o adxudicatario e non imputable ó servizo senón á contratación.

O total ascendería sen o aval 2.848,34€

Tralo exame do prego de condicións que serviu como base da licitación se pon de manifesto unha serie de defectos/fallas ou anomalías que deben ser obxecto de valoración polo órgano competente para decidir ós efectos de determinación tralos informes oportunos dos procedementos para sancionar/subsanar ou paliar ós mesmos. A saber:

- O adxudicatario segundo o prego debe solicitar autorización do concello para:
 - Autorización expresa para calquera actividade ou servizo non incluído na xestión. Considerar se as novas adquisicións deben ou non ser obxecto de autorización previa. Ver parágrafos posteriores.

Existen algúns aspectos de difícil consideración posto que o prego non detalla a fórmula de actuación e que deben someterse a consideración:

1. En relación á inversión realizada. O adxudicatario segue a adquirir bens de inversións entendo que baixo o seu punto de vista el considera adecuados ou necesarios para a boa execución da prestación. O órgano competente para decidir debería determinar o alcance, medio de control ou autonomía do adxudicatario posto que este elemento forma parte dos gastos que asume o concello e repercute no gasto que o mesmo vai realizar.

Polo exposto anteriormente a criterio desta Intervención se considera xustificado sen prexuízo das consideracións realizadas nos parágrafos anteriores:

Ingresos por importe de 303.051,99€.

Gastos por importe de 403.108,31€

O que daría un resultado de -100.056,32€

Polo exposto o límite máximo a satisfacer en compensación pola perda obtida non pode exceder de **80.000€**

O presente informe pretende sentar as bases previas a toma de decisións que sexa máis acorde coa legalidade e coas regras que rexeron a contratación. Partindo da premisa que esta Intervención considera que no presente expediente existe un alto grado de incerteza e de presunción de veracidade que imposibilitan unha fiscalización correcta e que a fórmula de xestión elixida sen os métodos de seguimento oportunos non garante con total fiabilidade o destino dos fondos públicos a necesidade de dar cumprimento ás obrigas contraídas co adxudicatario do servizo así como o principio de non enriquecemento inxusto da administración que recibiu o servizo dan lugar a necesidade de valorar cos datos, instrumentos e medios o noso alcance a contraprestación a satisfacer ó adxudicatario. Polo exposto e sen prexuízo das consideracións realizadas con motivo da contratación da xestión do servizo e no presente informe debo salientar:

- A necesidade dun maior control dos ingresos e gastos do servizo mediante comprobacións periódicas dos distintas premisas que conforman os ingresos e gastos.
- A necesidade de subministro de información puntual polo adxudicatario.
- A necesidade de regular as actividades/ ingresos para a correlación debida dos mesmos segundo acordo plenario.



- A adopción das medidas que se estimen necesarias derivadas dos incumprimentos que se poidan derivar do expediente.

Este é o meu informe que someto ó órgano competente para decidir para que determine e actúe conforme a dereito.”

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente o escrito presentado o 17 de xaneiro de 2023, por Don Andrés Eirís Barca en representación de VIRAXES SL, con NRE 202399900000054 e complementada con documentación con NRE 202399900000055, 202399900000071, 202399900000346, 202399900000374 , **no seguinte sentido**:

Acordar a Compensación/contra-prestación gastos de piscina- Liquidación Ano 4 (Cláusula 16 PCAP) pola contía de **80.000 €**, de conformidade co informe de fiscalización transcrito no expositivo do presente acordo emitido o 17 de marzo de 2023.

SEGUNDO.- De conformidade coa Cláusula 25 do PCAP, segundo a cal o Concello reservase a facultade de ditar disposicións encamiñadas a maior efectividade, procédese a **reiterar** as seguintes **DISPOSICIÓNS OBRIGATORIAS** para o adxudicatario:

- A) Deberá solicitar previa autorización ao Concello, cando pretenda adquirir e renovar elementos necesarios para a explotación da instalación, que posteriormente vaian ser imputables os Gastos derivados da explotación na Memoria Económica.
- B) Deberá solicitar autorización expresa para calquera actividade ou servizo non incluído na xestión interesada do servizo de piscina municipal e outras actividades deportivas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados con indicación expresa de que, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados ambos os dous prazos dende o día seguinte a súa notificación.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELADA.”

-----INTERVENCIÓNS-----



Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta como todos os anos traemos a liquidación por parte de Viraxes SL polo que se conclúe que hai que aboar os 80000 euros.

Sra Díaz Mejuto: quero facerle lectura del informe de intervención que viene cada año desde que se asume la gestión interesada: *Temos que partir de que estamos ante unha figura de difícil comprobación como é a xestión interesada como xa se puxo de manifesto no momento da elección da mesma e soamente o control exhaustivo mediante unha persoa no seo da instalación pode garantir a certeza dos datos que se toman en consideración para esta toma de decisión, no seu defecto soamente se pode operar con presuncións de veracidade da documentación presentada e nos informes a posteriori dos distintos servizos municipais. En canto ós ingresos a certeza dos ingresos neste tipo de xestión é imposible salvo recadador municipal polo que soamente podemos dar por certos as declaracións e comunicacións do empresario que sinala como tales. En relación os gastos de difícil acreditación en todos os gastos a determinación de que os mesmos sexan realizados na piscina de Cee dado que si non se trata dun subministro directo é a declaración do interesado o único elemento de xuízo que temos para a súa acreditación; no sabemos si los gastos son reales y no podemos acreditar que los ingresos son los que son, nos tenemos que fiar de la palabra del empresario que nos dice que tiene una perdida de 100.000 euros, el concello debería darle un premio porque seguir año tras año, es algo que ya y además es que volvemos al punto anterior, usted vela ahora por los intereses del concello de Cee y se alegra del cambio del PP pero viendo los pliegos del gobierno de la Sra Lamela hay mucho que trabajar porque no es solo que las empresas vengán a ganar dinero, y si dejamos en los pliegos algún hilo del que tirar las empresas va a tirar de el, vemos que el caso de estos dos pliegos es el que pongo de manifesto*

Sr Domínguez Louro: nos fomos bastante críticos coa formula de xestión non estábamos de acordo, o tempo está dando a razón a empresa ano tras ano presenta unhas perdas que son difíciles de crer, de 100000 euros coa obriga de darlle os 80000 consiga amortizar as perdas, ninguna empresa pode soportar perdas de 30, 20 ou 50.000 anuais, non vou ler os parágrafos da concelleira popular, outro, *no presente expediente existe un alto grado de incerteza e de presunción de veracidade que imposibilitan unha fiscalización correcta e que a fórmula de xestión elixida sen os métodos de seguimento oportunos non garante con total fiabilidade o destino dos fondos públicos a necesidade de dar cumprimento ás obrigas contraídas co adxudicatario do servizo así como o principio de non enriquecemento inxusto da administración que recibiu o servizo dan lugar a necesidade de valorar cos datos, instrumentos e medios o noso alcance a contraprestación a satisfacer ó adxudicatario, consideramos evidentemente que non se está a facer un seguimento exhaustivo e control correcto da xestión da piscina que nos leva a ter que outro ano ter que paga 80000 euros e si eso se pode solucionar como di o informe con colocar unha persoa alí, casi vale a pena destinar un traballador ou traballadora o control diario da piscina porque seguramente amortizamos o soldo desa persoa e rebaixamos mais que o soldo da persoa eses 80.000 euros, co cal, para non por ningún pero a pagarlle a empresa porque o contrato está firmado e hai que satisfacer según os pregos de condicións e licitacións correspondentes non vamos votar en contra, vamos absternos, poñendo enriba da mesa que debemos mellorar todo ese control para tratar que eses 80000 euros non sexan tal incluso que a empresa teña que darnos a nos en vez de darlle nos a eles.*

Sra alcaldesa contestando o PP, como modo de xestión foi elixida na lexislatura pasada onde recordo que tivemos bastantes comisións o respecto e se estudiaeron as diversas formas de xestión, concesión, xestión directa e xestión interesada e o final o PP agas BNG todos votaron a favor da xestión interesada e o PP igualmente, mais, recordo que naquelas comisións a concelleira ou portavoz do PP manifestou de forma clara que a concesión si ben, era unha posibilidade sabía con certeza que ningunha empresa se ía presentar porque non se podía dar pago, subvención o respecto. Respecto, a cando trouxemos a primeira proposta nesta lexislatura fixemos unha serie de condicións entre elas había un control exhaustivo respecto o ingresos onde tiña que facer o técnico de deporte un informe mensual e controlar os ingresos en efectivo así se fixo foi a proposta do voceiro do PP.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sr Domínguez García: non se fixo

Sra alcaldesa: eu teño un informe feito polo técnico de deportes que consta no expediente onde é mais faiselle entrega do talonario antes do inicio de cada mes o adxudicatario entregará o talonario para o selado polo concello

Sr Domínguez García: intelixible

Sra alcaldesa: temos a matriz, a empresa firmará un recibo dando conformidade do documento recibido, debera ter o xustificante e a empresa entregará o final de mesa matriz dos talonarios conforme consta no expediente

Sr Domínguez García: Podo decirlle que non e o digo directamente.

Sra alcaldesa: Eu digolle o que teño no expediente, temos os talonarios coa matriz. Constan de forma detallada cada mes todos os ingresos, poden comprobar como concelleiros a documentación correspondente.

Sra Díaz Mejuto: nadie viene a decir que el técnico de deportes haga mal su trabajo, yo puedo pensar y creo que es una persona muy responsable, cumplidora y valedora seguro que el va allí cuando le dice, lo que pongo en duda que non lo dice el PP sino la interventora del concello, es imposible de gestionar los ingresos y los gastos sin una persona allí para recaudar, imposible, non lo dice el PP que también lo dice la interventora que es la persona que dicta los informes por los que se tiene que regir el concello, yo recuerdo y si no recuerdo mal en el pleno donde se aprobó la gestión interesada el PP se abstuvo y usted también, se abstuvo en su pliego

Sra alcaldesa: no era mi pliego

Sra Díaz Mejuto: De quien era?

Sra alcaldesa: De los técnicos del concello a propuesta alcaldía, yo hice una propuesta, en la oposición traía propuestas y borradores para su estudio correspondiente pero evidentemente quien tiene que perfilar y examinar y estudiar son los técnicos del concello, la propuesta siempre parte de la alcaldía.

Sra Díaz Mejuto: entonces la responsabilidad de que ahora se gestione por gestión interesada no es suya?

Sra alcaldesa: gracias a la gestión interesada está abierta.

Sra Díaz Mejuto: Nadie entra a valorar eso, evidentemente estaba cerrada, se propuso una solución, quizás como se está desarrollando no permite la fiscalización de los ingresos y gastos eso es lo que se está diciendo y al final el pliego donde dejas un hilo y me reitero las empresas tiran de ese hilo. Lo que no puede ser es que no nos cueste dinero, se lo dice el Sr Dominguez y muchos vecinos de Cee porque las quejas sobre la piscina son continuas, nadie pone en duda que los técnicos no cumplan su trabajo y que los trabajadores non sean modélicos pero la gestión de la piscina no se puede ejercer un control con esa forma de gestión

Sra alcaldesa: mire el informe de la Sra Interventora es favorable, con salvedades pero favorable y le puedo poner algun ejemplo de algún otro concello, donde el coste que tiene el concello respecto a la piscina de dimensiones similares y usuarios similares son de 300.000 euros y eso lo puede mirar porque está publicado

Sra Díaz Mejuto: yo creo que a veces ponemos por encima el tener razón a darse cuenta que esto no es contra de la gestión esto es por el bien de todos, me está diciendo que es un informe de intervención que tiene salvedades, usted leyó lo que le dije, no se puede gestionar acreditar los ingresos sin una persona allí, lo está diciendo es imposible claro que es favorable porque es la gestión que se aprobó, con salvedades claro que remedio no le queda otra.

Sra alcaldesa: Es favorable

Sra Díaz Mejuto: Si Sra alcaldesa es favorable.

Sr Domínguez Louro: un pequeno inciso simplemente de este tema xa se tivo falado noutras ocasións e tamen se ten dito que hai outras piscinas de concellos moi parecidos o noso que costan 300000 etc etc eu estiven mirando naquel momento si eso era así, si se tira de hemeroteca é así pero despois hai trampa e a explicación das piscinas non son igual ca aquí, nalgún concello é o concello quen ingresa



quero decir que porque haxa algo que sexa peor co noso non é que o noso sexa bo, vou mais e que si temos que pagar 300000 euros pola piscina teremos que pechala, eso é inviable, o sabemos todos, xa é unha barbaridade 80000 o que temos é que eses 80000 que cada vez camiñar a que eses 80000 sexan menos e para eso evidentemente hai que cercionarse de que todos os datos que nos presenta a empresa son reais, e eu sinto moito dicilo aqui e pola empresa porque desconozo a empresa o dono pero me da igual, estes datos son falsos, os anteriores, os anteriores e os anteriores, entón como este contrato non ten volta atrás ata que acabe o que temos é que camiñar para que o próximo goberno camiñe cara reducir no máximo posible eses 80000 euros porque son unha carga moi pesada para as arcas do concello.

INCIDENCIA

ÁS 20:15 HORAS ENTRA NO SALÓN DE PLENOS D. CÉSAR PÉREZ MARTÍNEZ

Sra alcaldesa: que los datos son falsos hacer esa afirmación me parece sumamente grave, quiero manifestar que el modelo de gestión la gestión interesada es un modelo que ya no va poder repetirse puesto que ya no existe en si, entonces habra que ir a un contrato de prestación de servicios, gestión directa o una concesión y si vamos a un contrato de prestación de servicios que será la opción de un futuro si no bajamos el coste de materia de suministros no va haber quien aguante la piscina y en relación al personal, de aqui a unos años, cuando tengamos que sacar un nuevo modelo de gestión, la prestación de servicios os vais a dar cuenta que la gestión interesada no era tan mala como estais pensando, solamente hay que dar un poco de tiempo.

Sra Díaz Mejutos: tampoco vamos a tener unos valores ciertos sobre los que tener un barómetro para que este servicio se pueda prestar, no vamos a saber los ingresos ni los gastos.

Sra alcaldesa: tenemos unos valores, que no los teníamos cuando fijamos el tipo de modelo, en aquel momento estaba todo cerrado y todo mal, ahora de cara a hacer unos nuevos pliegos ya sea prestación de servicios ya partimos de unos datos que les pareceran mas o menos ciertos pero tenemos unos datos.

Sra Díaz Mejuto: no lo decimo nosotros lo dice la Sra Interventora que no pueden ser fiables porque no se pueden comprobar

Sra alcaldesa: Las facturas y datos contables están ahí.

Sra Iglesias Lema: solo quero preguntar os compañeiros do PP e Bloque a pregunta miña é piscina aberta ou pechada? A xestión interesada agora non existe pero naquel momento cando se votou si, aberta ou pechada non hai mais.

Sr Domínguez Louro: teño que contestar

Sra Iglesias Lema: Claro fago unha pregunta o PP e Bng

Sra. Díaz Mejuto: segun el reglamento recordemos al compañero del bloque que hizo una pregunta al de ciudadanos la pregunta se hace a la alcaldesa el reglamento funciona segun la pregunta a quien se pregunte

Sr Domínguez Louro: piscina aberta non lle quepa duda pero estará de acordo que hai que buscar a mellor solución e a menos costosa para o concello

Sra Iglesias Lema: o que está claro é que naquel momento trouxeronse moitas propostas e o final a que saíu foi a xestión interesada sexa a mellor ou peor, a peor era que estivera pechada, si todos estamos para velar polos intereses de Cee unha vez que te sentas ahi o mellor era a piscina aberta, daquela non era ilegal non? Que agora non existe, buscamos outro procedemento pero como acaba de decir a Sra alcaldesa xa veremos si esto non vai adiante será a piscina pechada xunto con outros servizos, esto non é un ataque o digo porque as cousas igual que llo digo a Sra alcaldesa non se ven igual estar sentado ahi que aqui, naquel momento había que abrila, a abstención é maravillosa porque entendo que saira cos votos do PSOE, eso espero pero en calquera caso queremos pechar a piscina'

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



temos que pensar esas cousas a veces, non hai mais, branco ou negro na miña opinión non é un ataque persoal é cuestión de xestión.

Sr Domínguez García: queremos saber si o que pagamos é correcto ou non

Sra Iglesias Lema: eu usuaria da piscina non sei que pagades vos eu pago por 2 días a semana pago 26 ou 28 euros cada mes, non sei que vos pasa o resto da xente eu pago e si vou mais días pago a maiores e cando vai o meu fillo paga a maiores, porque non son socia, eu non sei o que lle pasa o resto da xente.

Sra Díaz Mejuto: tamén hay que mirar que los servicios cuando se elige na gestión, no digo que sea o no lo mas conveniente digo que tal y como esta aplicada no se pueden comprobar y lo que queremos es que se compruebe que los ingresos sean los reales porque nosotros nos vamos a encontrar cuantos lleva? Cuando finalice la gestión que no vamos a tener los datos veraces para realizar cualquier contrato o prestación y lo unico que queremos es que sean reales porque la quiero abierta igual que tu pero igual hay que buscar la formula ahora tal y como está no está siendo correcta para saber si esos ingresos son válidos y si esos gastos están acreditados

Sra alcaldesa: simplemente un reflexión cuando una empresa presenta sus cuentas a hacienda hay que suponer que son veraces verdad? Tambien pueden mentir, hay un inspector de hacienda en cada empresa para poder comprobarlo?

Sra Díaz Mejuto: Hay una interventora

Sra alcaldesa: Que examina los ingresos y gastos y dice que determinados gastos que solo los puede tener en cuenta en base a lo que presenta esa empresa

Sra Díaz Mejuto: yo cuando vengo a pleno estudio los informes de la Sra secretaria y la Sra interventora porque creo que es lo que rige un funcionamiento del concello, y cuando lo leo es porque creo que la Sra interventora está haciendo sulabor que es la que es, las cuentas que presente a hacienda son las que presente a mi me interesa lo que le interesa a los vecinos de Cee, siempre con la piscina abierta.

Sra alcaldesa: el informe es favorable

Sr Domínguez Louro: a nosa postura non é nova Sra Iglesias, é a mesma agora que cando estaban Vdes agora ninguen pon en tela de xuízo a forma de xestión deste momento esta firmada e hai que rematala xa veremos si con ou sin prorroga pero dentro do que hai si temos que pagara 80000 euros cada ano casi mellor facer un control lexhaustivo metendo alí a unha persoa e así cercionamonos para cando teñamos que renovar que todos sexan fiables porque luz auga e tal que di que son de facil constatación pero hai outros como subministros que non o son, e pode ser grave decir que os datos son falsos eso tense falado aqui, creo que ot en falado tamén o concelleiro do PP e hai xente que o comenta, no momento que entra unha persoa e non tica os datos son mentira, ainda que sexa un so, é simple.

Sra Iglesias Lema: na miña opinión é grave decir que os datos son falsos, tamén lle digo si naquel momento en que o grupo Independentes e Psocv saíu a favor si pensase que non saía a favor, manteríase na abstención porque a abstención e moi cómodo e unha marabilla pero a veces hai que mollarse como naquel momento o PP o voto da abstención non vas o xulgado nin a un sitio nin a outro e digollo con todo respecto do mundo, naquel momento si non sumasemos 7 para abrir, como o sabían se abstiveron, eso é o que eu penso, é a miña opinión dende o respecto absoluto.

Sr Domínguez García: nos fixemos unha proposta naquel momento que era outra xestión, a directa.

Sra alcaldesa: é inviable.

Sr Domínguez Louro: cando falo dos datos que a empresa subministra ou nos da como sea a nos ou o técnico de deportes non ten comparación cos datos da empresa a facenda, eso terá facenda que corresponder, non son eses datos os que me refiro, tou decindo que hai un funcionamento irregular desde que non se tican as persoas que entran

Sra Iglesias Lema: Vde sabe eso?

Sr Domínguez Loirp: Claro senon non o estaba decindo, xa se ten falado neste pleno tamén, é vox populi, o mellor so perdemos 10 persoas que entran o día, pode ser e o mellor non, pero non ten nada



que ver os datos que nos manexamos cos que a empresa subministre a facenda.

Sra alcaldesa: cuando dice con los datos que usted maneja, que datos son, donde saca usted esos datos para decir que hay una situación irregular?

Sr Domínguez Louro: Acabo de decírllo, si un usuario vai ali paga e non se tica é irregular

Sra alcaldesa: los datos que maneja son los comentarios de algún usuario

Sr Domínguez Louro: Evidentemente eu non son usuario da piscina, está ahí e o propio informe di que hai que cerciorarse que os datos sexan os correctos, fala da necesidade dun control exhaustivo, non o digo eu, o mellor minteme a xente

Sra alcaldesa: volvo a reiterar que en el concello está las matrices de los tiquets y cada mes se recogen y se entregan y se hace un informe detallado, no podemos perder de perspectiva que es una de las mejores instalaciones de la comarca y tiene un principal función que ayuda a la salud.

Sr Domínguez Louro: e si non costara 80000 tamén axudaba a saúde.

VOTACIÓNS

Sométese á votación a Proposta da alcaldía e resulta aprobada por: 8 abstencións dos grupos políticos PP, IXCee e BNG e 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

4. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 99/2023 do 15 de febreiro á Nº 256/2023 de 24 de marzo.

Quedan enterados/as.

5. Mocións de urxencia.

Sra Trillo Lago di que ten duas mocións, a urxencia é porque é un centro de educación especial que pecha en Carballo, consideramos que é urxente

Ratifícase a urxencia por unanidade dos asistentes.

Sra Trillo Lojo lee:

MOCIÓN SOBRE O PECHE DO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL

O Grupo Municipal Socialista de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre o peche do CEEPR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ASPABER ten dende o ano 2017 un concerto coa Consellería de Educación para dar nas súas instalacións de Carballo o servizo de educación especial para os rapaces do entorno da comarca de Bergantiños e Costa da Morte.



O CEEPR de ASPABER en Carballo comezou a funcionar nese ano 2017 con 5 rapaces en modalidades completa e combinada e a día de hoxe conta cuns 20 usuarios de matrícula que reciben a súa educación nas tres unidades do centro. Non están contabilizados os nenos e nenas que teñen solicitada praza para o próximo curso lectivo.

Recentemente ASPABER comunicou que non renovaríase o convenio coa Consellería de Educación e que deixará de dar este servizo educativo nas súas instalacións a finais de agosto dicindo que o centro non reúne as condicións necesarias para un número crecente de alumnos. A competencia educativa destes rapaces corresponde á Consellería de Educación que é quen debe dar resposta a uns pais e nais moi preocupados porque ven como a desaparición do centro educativo suporá un empeoramento na situación dos seus rapaces e dificultará aínda máis a difícil conciliación dunhas familias que para ter un servizo similar terán que buscar praza na Coruña ou Santiago, lonxe da súa poboación de orixe.

A propia xunta directiva de ASPABER para o centro educativo, comunica que na súa intención "sempre estivo a necesidade de proporcionar ao noso alumnado o apoio necesario para o seu desenvolvemento persoal, potenciando ao máximo as súas actitudes e capacidades e procurando acadar a súa plena formación educativa integración social e laboral. Non obstante, na actualidade as nosas instalacións non son as adecuadas para poder ofrecer unha atención educativa da forma que merecen os nosos alumnos. Por este motivo e, tras realizar múltiples trámites para conseguir unhas instalacións adecuadas aos obxectivos perseguidos, non foi posible.

En consecuencia, a xunta directiva viuse obrigada a tomar a triste e difícil decisión de proceder ao peche definitivo do noso centro de educación especial", un comunicado que indica, claramente, que se a Xunta de Galicia atendese as demandas do propio centro para ter unhas instalacións axeitadas, a continuidade do servizo estaría garantida.

As familias comezaron as súas mobilizacións, pedindo que a Administración competente, é dicir, a Xunta de Galicia, aporte solucións reais e xustas ante esta situación e que non incidan negativamente no benestar dos alumnos e alumnas, nin complique máis a vida das familias que necesitan máis que ninguén do apoio da Administración e que ven como unha vez máis se esquecen as comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, nun contorno rural no que cada día é máis complexo fixar poboación.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal socialista propón ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a:

- Acceder á demanda das familias dos usuarios/as do CEEPR ASPABER de Carballo, garantindo a continuidade inmediata dun centro de educación especial na comarca para que os estudantes poidan continuar coa súa formación actual e as familias teñan non seu contorno vital un servizo esencial para a conciliación da súa vida laboral e familiar.
- Garantir que os centros educativos ordinarios da comarca contén cos recursos necesarios para atender aos alumnos con necesidades educativas especiais, en aras de fomentar unha educación máis inclusiva.
- Comprometerse a construír un Centro de educación especial público, nun prazo razoable, cun mínimo de entre 5 a 7 unidades no que se matricularán os alumnos e alumnas que requiran unha

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



atención moi especializada e que sirva de referencia e apoio aos centros ordinarios.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra Trillo Lojo: o problema é que si pecha Aspaber a solución que lle están dando é trasladar os nenos a centros alonxados, están buscando outra alternativa as familias, as familias están intentando manter unha cooperativa o problema que teñen é que para o curso vindeiro 23-24 non terían un sitio, non terían fondos necesarios para poñer en funcionamento eso, teñen a cooperativa pero non hai os fondos, os fondos según me dixeron estarían terían que ir a unha subvención pero sería para o 25, parécenos inviable de todo, a xente que ten que desplazarse porque algún pai ofrecéronlle estar nun centro toda semana, non é ir e vir, os pais non queren eso, entón desde o noso punto de vista terían que buscar unha solución xa porque o problema é que fan coa cooperativa os pais, a teñen pero non teñen os fondos.

Sra Díaz Mejuto: evidentemente nosotros sabemos la problemática hemos hablado si que es verdad que los motivos no lo contaron igual como lo están exponiendo sin poder preguntar y sin saber que es así tal cual como lo cuenta sin ponerlo en duda, simplemente que no puedo comprobarlo, es verdad que las familias con niños con necesidades especiales y lo sé porque soy una de las familias con niños con necesidades especiales, llevan teniendo este problema mucho tiempo, hay niños que van a Carballo, otros a Santiago y otros a Coruña, yo como concejal del PP traje una moción en la legislatura pasada porque la conciliación de las familias con niños con necesidades especiales era imposible e inviable el transporte, lo que está diciendo es lo que vive mi familia y muchas más.

Sra Trillo Lojo: aqui hablamos del cierre

Sra Díaz Mejuto: pero la solución a esas familias que se les da es que tuvieron igual cuando no las cogieron en ese centro, hay familias que van a Santiago o los cogen en el cruce de la Pereira y nosotros vamos a votar a favor, siempre sobre todo por la inclusión de los niños y se facilite la vida a familias con niños con necesidades especiales porque pasan situaciones que son demoledoras.

Sra Trillo Lojo: sé que trajo en su momento lo del transporte, pero es que yo me pregunto una cosa, la competencia es de la Xunta, Educación es competencia de la Xunta, Transporte a santiago, la xunta finacia tres veces, el 065 los viernes creo, colegio hasta cruce Pereira y a las familias una beca, tres veces se paga y no está cubierto?, algo se está haciendo mal, lo que no puede desde mi punto de vista, es que lo estoy viviendo perdone que se lo diga, estoy viviendo como concello que la xunta lo que hace es echar encima de los ayutamientos responsabilidad y competencia que no son suyas y pretende que se haga cargo de muchas cosas que son competencia suya, es una, otra y otra, esto es su competencia y tiene que solucionarlo la Xunta, nosotros podemos hacer presión, pero lo que no vamos hacer nosotros es asumir la competencia de la xunta.

Sra Díaz Mejuto: educación es competencia de la xunta y la primera en decirlo y si estas familias necesitan el apoyo somos los primeros en darlo, cuando traje la moción del traslado de los niños era porque al ser un niño en un concello otro en otro no se le daba una cobertura a todos por eso se trajo para que todos los concellos se implicasen y se le diese cobertura a esas familias, de quien es reponsabilidad no sabemos, que va a tener todo el apoyo del PP si Sra Emilia. Cuando me lo estudie bien diré si es de la xunta o no, como la acaban de presentar, educación es responsabilidad de la Xunta y transporte veremos, me lo voy estudiar bien y tal como me lo explicaron no es, pero como no puedo estudiarlo porque se presenta en el momento aunque el reglamento dice que si se pudiese 48 horas antes, al resto de concejales para su estudio estaría muy bien porque Aspaber cerró lo sabemos hace dos semanas y traen ahora asi aquí.

Sra Trillo Lojo: lo traigo cuando hay pleno

Sra Díaz Mejuto: pero si ve que es tan importante, y si no quiere hacer política que venimos hacer política pero si no quiere un rendimiento político lo mejor es que la pase con antelación porque el apoyo evidentemente lo van a tener, más que claro.

Sra Trillo Lojo: yo paso mi moción y los otros no



Sra Iglesias Lema: pouco vou a decir creo que aqui tratase sempre de suma e non restar pechar un centro é restar entón pouco que decir o noso voto vai ser evidentemente a favor como non pode ser doutra maneira

Sr Domínguez Louro: como moción que vou presentar despois versa sobre esto gardo para despois.

VOTACIÓNS

Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada por unanimidade da Corporación

Sra Trillo Lojo di que a seguinte moción é sobre o mesmo pedimos a creación dun centro especial de educación especial na Costa da Morte

Ratifícase a urxencia por unha abstención de D. César Pérez Martínez e 12 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

Sr Pérez Martínez di: non voto a favor da urxencia non quero participar mais en esto de votar a favor da urxencia.

Sra Trillo Lojo lee:

MOCIÓN CREACIÓN CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PÚBLICA NA COSTA DA MORTE

O Grupo Municipal Socialista de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No eido educativo, ao igual que no desenvolvemento no rural, a **Costa da Morte** está a sufrir os recortes e abandono por parte da Xunta de Galicia dende fai xa moitos anos.

Despois de non dar resposta ás necesidades requeridas polas familias de diferentes colexios da zona ao principio deste curso escolar 2022-2023, súmase agora a **demanda de familias con nenos e nenas con necesidades especiais da Costa da Morte, así como diferentes organizacións e colectivos da comarca**. Estas familias non contan cun ensino equitativo, público e de calidade para os seus fillos e fillas, que cada ano vense mermadas tanto en centros ordinarios por falta de recursos e recortes, como en centros especiais, situados estes moi lonxes dos seus pobos.

Dende os centros escolares ordinarios da Costa da Morte e os equipos de orientación da Consellería de Educación están derivando ao alumnado con necesidades educativas especiais a centros de



educación específicos. Coa dificultade que isto repercute para as familias, xa que o centro específico público máis preto está en Santiago ou na Coruña. A isto engádese a dificultade que estes centros públicos de educación especial teñen lista de espera, polo que son derivados a centros especiais xestionados por asociacións privadas, o que é o mesmo, son derivados a centros concertados. Este feito de fomentar a escola concertada, cada vez máis normalizado, consolidan a **estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos** que abundan no seu deterioro. Isto ten como consecuencia que as familias teñen que soportar un sobrecusto importante na economía familiar para a escolarización obrigatoria do seu fillo ou filla que pagan de media uns 250 € ao mes entre cuotas, servizos de comedor e transporte.

Ademais de pagar as familias o **transporte**, este servizo non está cuberto na súa totalidade, carece de servizo os cinco días da semana con saída e chegada nos pobos costeiros da comarca, en algún caso con carencia de cuidadores con formación específica para atender ao alumnado con necesidades especiais. Este feito fai que moitas veces o alumnado non poida viaxar no autobús, e son as familias quen asumen a viaxe no seu propio coche ou teñen que quedar na casa, incrementando máis os custes do mesmo e desfavorecendo a conciliación familiar.

As actuacións e recortes da consellería de educación en colexios ordinarios e específicos durante a etapa obrigatoria de escolarización fai que atención ao alumnado con necesidades específicas educativas sexa pésima, sen apoios específicos nas aulas para este alumnado, sobrecargando as funcións do profesorado, e estes, facendo moitas veces funcións de cuidadores ou de especialistas sen formación adecuada en aulas de vinte e cinco alumnos e alumnas. Esta situación conleva a un **deterioro do ensino público** no que non se chega con calidade e individualización á totalidade do alumnado. Como consecuencia a estes recortes e a non aposta pola educación pública por parte da consellería de educación temos e teremos persoas con menos autonomía no futuro, onde na actualidade nos encontramos sen oferta de centros de día ou os poucos que hai están saturados.

A falta de recursos ao inicio deste curso, a falta de igualdade de oportunidades para o alumnado con necesidades educativas especiais sumámoslle o anuncio do **peche do centro de educación especial ASPABER**, único con estas características na Costa da Morte. Encontrámonos cunha comarca sen opcións de facer vida nela. Ante esta nova a única resposta da Xunta de Galicia ás familias foi a de escolarizar os seus fillos ou fillas en centros ordinarios sen recursos, con carencia de profesorado ou que se trasladan aos centros públicos de educación especial de A Coruña e Santiago, onde non hai prazas. A falta de atención ao alumnado e a igualdade de oportunidades son claramente os síntomas das políticas educativas e de despoboamento do rural que pretende a Xunta de Galicia dende fai xa moitos anos.

Os continuos recortes executados na educación pública do noso país, especialmente na comarca da Costa da Morte están a xerar un **incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación.**

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do concello de Cee insta á Xunta de Galicia a:



1. Creación dun **Centro de Educación Especial na Costa da Morte** que cubra as necesidades de todo o alumnado con necesidades educativas especiais da comarca.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra Trillo Lojo: falando cos pais é bastante complicado ter o acceso os datos, o número total de menos, nenas, rapaces, rapazas que van a estos centros, pero mirando e preguntando nos coles, os datos que eles teñen pero da para facer un centro de educación especial, necesitamos un centro de educación especial na Costa da Morte, collería un montón de poboación e de nenos que está a desprazar diariamente a sitios, Santiago, Coruña, Carballo, fíxose cos nenos pequenos ata 6 anos, estes nenos están alonxados, teñen que vir todos os días.

intelixible

Sra Trillo Lojo: aquí hai unha gran cantidade de poboación, e gran cantidade de nenos con necesidades especiais, necesítase un centro de educación especial na Costa da Morte.

Sra Díaz Mejuto: digo que si, agora y hace diez años y dentro de 10 años mas, lo que me parece es que lleguen a esta reflexión, se cierra un centro aquí me está diciendo en esta moción ademais *de pagar as familias o transporte, este servizo non está cuberto na súa totalidade, carece de servizo os cinco días da semana con saída e chegada,* esto se lo traje yo al principio de esta legislatura, vamos a ver Sra Trillo, ya lo traje para que el concello se involucrara, a veces no nos damos cuenta de las cosas, eso lo traje yo, a veces los concellos se tienen que involucrar. Yo digo que si a la creación y si tengo que ir de primera voy.

Sra Trillo Lojo: Le tomo la palabra

Sra Díaz Mejuto: La primera y la que va a luchar por ello la primera soy yo, porque yo si sé lo que sufren esas familias,

Sra Trillo Lojo: ya se cual va a ser la respuesta

